



XORNADA

Faite Profesional da Banca do Futuro

Abraham Otero (Ourense, 1978)

Formación: Licenciado en Ciencias Físicas. Doutor en Informática.

- Que fai un experto en bitcoin e criptomoedas?

-No meu caso, profesionalmente dedícome a algo completamente diferente. Son coordinador dun Grao en Enxeñaría Biomédica na Universidade CEU San Pablo. Bitcoin é para min un hobby, ademais de, por suposto, unha moeda que usei para comprar cousas.

O meu papel dentro da comunidade de Bitcoin podería definirse como "evanxalista". Eu coñecín o proxecto bastante cedo, cando case ninguén oíra falar del. Pareceme interesante, e comecei a dar charlas e obradoiros sobre el. Como, especialmente dentro do mundo hispano, eu era dos primeiros falando do tema, isto levou a que se me convidase a dar moitas charlas sobre esta moda tan novidosa tanto en España como en Latinoamérica.

- Como chegaches a esta especialización?

-A min sempre me interesou a economía desde o punto de vista de ciencia que estuda o comportamento das persoas. Esta vertente da economía estuda os incentivos e desincentivos que levan aos seres humanos a tomar decisións. Lin libros e teño algúns coñecementos básicos deste campo. Por outra banda, a miña formación académica está relacionada coa informática, o que me deu os coñecementos de criptografía nos que se basea a moeda.

Cando a comezos do ano 2000 me atopei con Bitcoin, algo que combinaba as dúas paixóns da miña vida (a economía e a informática), namoreime do proxecto inmediatamente. Comecei a ler, tanto documentos técnicos explicando o funcionamento criptográfico como documentos máis filosóficos explicando o porqué das decisións de deseño.

Resumindo: fundamentalmente fun autodidacta, aínda que é certo que no momento de aparecer a moeda, grazas a que tiña coñecementos tanto de informática como de economía, eu me encontraba nunha posición bastante boa para comprendela en profundidade.

XORNADA

Faite Profesional da Banca do Futuro

- Que oportunidades de futuro representa?

-Bitcoin ten o potencial de abaratar entre un 3% e un 7% todas as compras online. Ao poder pagarlle directamente ao destinatario sen intermediarios (bancos, tarxetas de crédito ...) afórranse as comisións destes intermediarios.

Tamén é a plataforma ideal para poder implantar microtransaccións, isto é, pagos pequenos pola Internet. A microtransacción podería ser clave para o xornalismo online. A estes medios nin a publicidade nin o cobrar por subscrición lle soen funcionar demasiado ben. A publicidade dá poucos ingresos, e o pagar unha subscrición mensual é algo que fan poucos usuarios. Pero con Bitcoin é posible implantar unha solución que cun só clic lle envíe ao xornal da Internet, por exemplo, dous céntimos a cambio de ler un artigo. Todo isto sen necesidade de rexistrarme de ningún xeito, sen que sexa un pago recorrente e sen ningún compromiso.

Isto a día de hoxe non se pode facer cunha tarxeta de crédito. A tarxeta sempre require rexistro por parte do usuario (algo tedioso) e coa tarxeta non é posible cobrar dous céntimos, porque as comisións de Visa ou MasterCard por realizar calquera transacción son superiores a ese importe.

- Que recomendacións darías a quen queira orientar o seu futuro laboral cara a banca do futuro?

Sen dúbida, é un campo moi interesante. Os pagos dixitais (transferencias bancarias e pagos con tarxetas de crédito) son un campo que non variou de xeito significativo nas últimas décadas. Iso a pesar de que agora hai tecnoloxías que permiten simplificar os procedementos de pago, eliminar intermediarios abaratando o custo das transaccións e todo isto sen diminuír a seguridade. Falo de cousas como o teléfono móbil, a tecnoloxía NFC e as criptomoedas.

Ao longo da seguinte década, o mundo dos pagos electrónicos vai sufrir unha ruptura dunha magnitude similar á que o mundo da música sufriu a principios da década pasada. Calquera persoa que queira orientar o seu futuro laboral cara a banca pode estar seguro de estar entrando nun campo onde vai haber moitas oportunidades de negocio.